

Expediente: 2024/G004/000212

ANUNCIO

Trámite: Publicación- Anuncio inicio fase de consulta pública- elaboración ordenanza municipal reguladora do Servizo Municipal de Taxi no Concello de Lugo.

ANUNCIO

De conformidade co disposto no artgo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración das normas, sustanciárase unha consulta pública por un prazo de **QUINCE DÍAS NATURAIS**, con carácter previo á elaboración do proxecto da ordenanza reguladora do servizo de taxi.

Durante este trámite de consulta pública, os cidadáns, organizacións e asociacións que consideren que resultan afectadas polas futura norma, poden facer chegar as súas opinións indicando os seu nome e apelidos ou denominación social, mediante correo electrónico dirixido a taxis@lugo.gal acerca de:

- dos problemas que se pretenden solucionar con esta norma.
- da necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- do obxectivo das normas.
- das posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

As alegacións que cumpran o requisito recibirán acuse de recibo a través de dita dirección de correo electrónico.

O Tenente de Alcadesa de Mobilidade e Infraestructuras Urbanas.
Rubén Arroxo Fernández.

Firmado por: ***419*** - RUBEN ARROXO FERNÁNDEZ (FECHA: 2024-07-15 13:40:35.00)

CVD: +ZArroiQPXD8ze1nOrZP

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.